



CONCELLO DE REDONDEIRA

**SESION ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA,
CELEBRADA O DÍA 21 – OUTUBRO – 2015**

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación, no seu caso, da acta da última xuntanza.
 - 2.- Dar conta do estado das obras do proxecto “arranxo da antiga escola de Cedeira”.
 - 3.- Dar conta da supresión por parte do Pleno do Concello, dos Participativos.
- Orzamentos
- 4.- Nomear representante do Consello Parroquial de Cedeira para a Comisión Territorial do PXOM.
 - 5.- Modificación do “Regulamento dos Consellos Municipais Territoriais, Consellos Municipais Parroquiais”.
 - 6.- Rogos e preguntas.

No Centro Cultural de Cedeira, sendo as vinte horas e dez minutos, do día vinteun de outubro de dous mil quince, reúnense, baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, da concelleira DONA. MARIA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, os seguintes representantes do Consello Parroquial:

GRUPOS POLITICOS:

PP – ANA MARIA ALONSO ALONSO

PSdeG-PSOE – MARIA DEL CARMEN ALONSO LAGO

B.N.G. - XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

A.E.R. - ALFONSO BLANCO PÉREZ

AA.VV.:

ISABEL ALONSO LEMOS

CARLOS COVELO SOLLA



CONCELLO DE REDONDELA

ASOCIACIÓNS CULTURAI:

JUAN JOSÉ COMESAÑA LÓPEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

PLÁCIDO COUÑAGO MOSQUERA

COMUNIDADE DE AUGAS:

ANTONIO COVELO VILLAVERDE

EDUARDO CORUGEIRA VIEITEZ

ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

MERCEDES LESTÓN LÓPEZ

COMUNIDADE DE MONTES:

CARLOS GRAÑA VILARES

BERNARDO ALVAREZ DOS SANTOS

E actuando como Secretario do Consello, o funcionario de carreira JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, se constitúe o Consello Parroquial de Cedeira, convocado para o día de hoxe, en sesión ordinaria e en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese a tratar os puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA ÚLTIMA XUNTANZA.-

Pola Presidencia dase conta da acta da xuntanza anterior, correspondente á celebrada con carácter ordinario o día **10 de febreiro de 2015**.

Concedida a palabra pola Presidencia, o representante do Grupo Municipal do B.N.G., manifesta que lle parece escueta a intervención do representante das Asociacións Culturais, Comesaña López, na súa intervención da inversión dos participativos.



CONCELLO DE REDONDELA

Intervén dito representante no Consello, manifestando que en esencia quería expresar a súa postura ante esta inversión.

O Consello Parroquial de Cedeira, por unanimidade, prestoulle a súa aprobación á referida acta.-

2.- DAR CONTA DO ESTADO DAS OBRAS DO PROXECTO “ARRANXO DA ANTIGA ESCOLA DE CEDEIRA.”-

A Presidencia pon de manifesto ao Consello do estado das obras de referencia, colocación andamios, organigrama de traballo, vanse a realizar as obras en prazo, e vaise a mirar como se rematarán coa non aprobación dos Presupostos Participativos, incluíndo os gastos noutras partidas orzamentarias.

O representante da AA.VV., Carlos Covelo, manifesta a súa decepción coa obra cando falou co encargado, xa que as escaleiras do soto van por fora segundo lle dixo, sendo o seu desexo que a obra se rematara a escola como era no seu día. Xa que ademáis lle engadiu que se vai pechar a porta do soto, sendo un golpe de efecto negativo anular o soto, e hai que manter un respecto polo pasado. Remata sinalando que a el lle fai ilusión a restauración, aínda que non mirou o proxecto.

A Presidencia lle resposta que o proxecto se trouxo á última reunión do Consello Parroquial, e o miraron. O mellor é falar co arquitecto municipal o co redactor do proxecto para falar do tema, e que hai que sacar algo positivo de todo isto, é que algo que estaba en ruínas fai moito tempo e amáis, unha obra moi demandada polos veciños, se vai a rehabilitar.

O representante das Asociacións Culturais, Plácido Couñago, manifesta que xa se dixo no seu día que as escaleiras con barandilla ian por fora, indicando a Presidenta que pode vir polo Concello e se fala co Arquitecto Municipal e este xa lle explica as dúbidas que teña.

3.- DAR CONTA DA SUPRESIÓN POR PARTE DO PLENO DO CONCELLO, DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.-

Pola Presidencia dase conta ao Consello Parroquial que o grupo de goberno do Partido Popular levou ao Pleno do Concello do mes de xullo, a aprobación da proposta de reparto dos orzamentos participativos para o ano 2015, proposta que rechazaron os grupos políticos do PSOE, AER e BNG, logo de prestarlle a súa aprobación nos Consellos Parroquiais e Comisión Informativa de Facenda, e polo tanto non se aprobou polo Pleno, perdéndose eses cartos que pasan a engrosar o orzamento xeral do Concello.

A concelleira explica que no Pleno o voceiro do PSOE, Eduardo Reguera, dixo “...aínda que hai catro anos se felicitaron pola iniciativa dos orzamentos participativos



CONCELLO DE REDONDEIRA

pensan que habería que ir máis alá. Sinala que a cada parroquia correspóndenlle sobre 13.000 euros, sen ter en conta as singularidades de cadansúa delas. Considera que habería que dicidir entre todos cales son as necesidades parroquiais pero non de maneira estanca entre parroquias senón de xeito máis participativo e global e a estes efectos e pon como exemplo a Deputación de Lugo. Votarán en contra porque estiman que debería facerse doutra maneira.”

A Presidencia continúa indicando que o BNG mantivo sempre a mesma postura, a diferenza do PSOE e AER que nos Consellos votan a favor das obras a incluír nos participativos, e logo no Pleno votan en contra da proposta de aprobación.

Recalca a Presidencia que a finalidade dos Orzamentos Participativos foi a de crear unha partida cunha dotación orzamentaria, de xeito lineal para todas as parroquias, e aparte do investimento noutras infraestruturas que faga o Concello nas parroquias, eses cartos se invertirán no que os Consellos Parroquiais, constituídos por colectivos das parroquias, decidan.

Remata a Presidencia sinalando que o grupo de goberno levou a Pleno a proposta de aprobación, xa que ao non estar aprobado o Orzamento Municipal, e non se poden facer variacións, e que este ano quedaría así, e para o seguinte se recollerían as propostas dos demais grupos políticos. Como PSOE, AER e BNG votaron en contra, non se pudo aprobar a cantidade dos orzamentos participativos, agora hai que falar co Interventor do Concello e estudar o xeito de aproveitar eses cartos, senón pasarían a engrosar o Orzamento do Concello.

A representante do Grupo Municipal do PP, Alonso Alonso, manifesta que a súa sorpresa foi que, cando se levou ao Pleno a Proposta do grupo de goberno de aprobación da cantidade para os participativos, a súa sorpresa foi que, o PSOE e o AER votaran en contra, cando no o fixeron nos distintos Consellos Parroquiais nin na Comisión Informativa. E, dado que o orzamento municipal non está aprobado, ao rexeitar o Pleno a proposta do grupo de goberno, estes cartos se perden é dicir pasan a engrosar o Orzamento Municipal e non se poden adicar á finalidade para a que estaban destinados.

O representante das Asociacións Culturais, Plácido Couñago, manifesta que os grupos políticos que están presentes neste Consello, expliquen a súa postura.

A representante do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, María del Carmen Alonso, manifesta que o seu grupo político leva anos reivindicando que se convoque á veciñanza para reestructurar estes orzamentos, e como dixo no pleno o Sr. Reguera Ocampo, cada parroquia ten as súas peculiaridades e as súas necesidades, e non se pode repartir os mesmos cartos por igual, e que non é certo o que dí a Presidenta do Consello, xa que estes se poden aprobar en calquera momento. Remata sinalando que os modelos que se poden copiar son como por exemplo os da Deputación de Lugo e Ferrol. Remata sinalando que non están de acordo co presuposto



CONCELLO DE REDONDELA

A representante do PP manifesta que nunca aportaron nada aínda que se lle solicitou, non fixeron unha proposta formal resposta á representante do grupo municipal do PSdeG-PSOE, foi chegar ao Pleno e votar en contra.

Intervén o representante do grupo municipal de A.E.R., Alfonso Blanco Pérez, coa finalidade de expoñer a postura do seu Grupo sobre este asunto. Non é certo que non aportasen nada aos Orzamentos Participativos, porque xa no ano 2011 o Pleno do Concello aprobou unha Moción deles con tres puntos claros sobre o tema:

Celebración dunhas xornadas de formación para as asociacións e veciñanza sobre o funcionamento, características e elaboración do orzamento municipal.

Creación dunha oficina de orzamentos participativos.

Poñer a disposición dos orzamentos participativos un mínimo do 25% do orzamento de inversións do Concello para que a veciñanza decida onde debe gastarse. E votaron en contra da proposta do grupo de goberno.

Indica así mesmo que non están de acordo en gastar cartos samente en certas cousas, hai que racionalizar e priorizar o gasto.

Cotínúa indicando o concelleiro que no Pleno de 27 de marzo do 2014, aprobouse unha moción presentada pola Federación de Asociacións de Veciños, Consumidores e Usuarios, San Simón, de Redondela sobre os Consellos Parroquiais, onde se aprobaba a creación dunha comisión mixta paritaria da que formarán parte un representante de cada partido político, representado no Pleno, 4 das asociacións de veciños, 1 das comunidades de montes, 1 das comunidades de augas, 1 de asociacións culturais e 1 das deportivas., comisión que a data de hoxe está sen constituir e sen reunirse para debater as cuestións dos orzamentos participativos.

Respóstalle a Presidencia que dita Comisión creouse, se fixo, houbo xuntanzas, e ao final dedúxose que non facía falta reunirse.

O concelleiro, representante do Grupo Municipal de A.E.R., manifesta que ao final non se cambiou nada, que os orzamentos participativos, seguen igual que ao principio, de ahí que se votase en contra, para ver si polo menos se empezaba a traballar no asunto.

Continúa indicando dito concelleiro que a Moción presentada polo seu Grupo no Pleno de 31 de marzo pasado en relación coas bases dos orzamentos participativos, se rexeitou, cos votos en contra do B.N.G. e as abstencións do PP e do PSOE, e polo tanto está todo por facer, haber agora ao rechazar a proposta se empeza a traballar no tema.

A representante do PP pregunta se o grupo municipal de AER aportou algo para as bases e se moveron para crear a Comisión, respóstándolle o concelleiro Blanco Pérez, que non só vai participar AER con propostas, terán que traballar todos os grupos políticos.



CONCELLO DE REDONDELA

Remata a representante do grupo municipal do Partido Popular que votar en contra da aprobación da proposta dos Orzamentos Participativos é boicotear ás parroquias do Concello de Redondela.

E remata a súa intervención o representante do grupo municipal de A.E.R. dicindo que as inversións se poden facer igual.

Concedida a palabra pola Presidencia, o representante do Grupo Municipal do B.N.G., Xoan Carlos González Campo, en primeiro lugar manifesta que a postura do seu Grupo respecto deste tema, sempre foi clara e sempre a mesma, manifestando a súa disconformidade co reparto lineal. Hai que facer un estudo por parroquias, tendo en conta infraestructuras, poboación, necesidades, etc., e cando se estea a confeccionar os Orzamentos Municipais, é o momento de poñerse cos orzamentos participativos. Indica que o grupo de goberno sempre se pon cos participativos no último trimestre do ano e indica que os cartos non desaparecen e o Concello ten que seguir invertindo nas parroquias ao marxe dos orzamentos participativos.

Continua indicando o representante do grupo municipal do B.N.G., que o seu grupo ten un modelo e puido comprobarse que o do Partido Popular foi un fracaso, xa que se gastaron catrocentos cincuenta mil euros en participativos sen resultado positivo e sinala que aínda que estea o Orzamento Municipal sen aprobar, co prorrogado se poden facer moitas cousas.

A representante do Grupo Municipal do PP, manifesta que fixera o que se fixera, se reunisen ou non cos grupos municipais, o BNG sempre ian a votar en contra. Remata dicindo que non está de acordo co de fracaso dos orzamentos participativos, e o mellor exemplo o temos aquí na parroquia de Cedeira, coa inversión que se fixo, xa que se trata dunha obra demandada polos veciños dende fai anos, pero para poder seguir invertindo nela cos participativos deste ano, precisábase a aprobación no Pleno, e agora temos que buscar solucións de partidas para cargar os gastos do obradoiro que está realizando a obra, e amáis contar coa conformidade do Interventor do Concello. Por último indicar que tratar os participativos co Orzamento Xeral do Concello é difícil de facer coincidir, porque cando se fixo o borrador do primeiro, se descoñecía as obras que ian a solicitar os Consellos Parroquiais. Remata sinalando que o fin dos Orzamentos Participativos é a participación da veciñanza, representada polos distintos colectivos da parroquia nos Consellos Parroquiais.

Intervén o representante das Asociacións Culturais, Plácido Couñago, para indicar que aquí se está a producir un cruce de acusacións entre os distintos partidos políticos e nada máis. Isto vai ben ou vai mal, pero sen buscar solucións. Dille ao representante do Grupo Municipal do B.N.G., que si o seu grupo ten un modelo ou unhas fórmulas que as expoña.



CONCELLO DE REDONDEIRA

A Presidencia sinala que co reparto non lineal, o que se vai conseguir e o enfrentamento entre as parroquias, xa de entrada a parroquia de Cedeira, vai levar menos cartos que outras parroquias.

4.- NOMEAMENTO REPRESENTANTE DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA PARA A COMISIÓN TERRITORIAL DO PXOM.-

A Presidencia pon en coñecemento do Consello Parroquial que como xa saben estase a redactar o Plan Xeral Municipal, por un equipo redactor.

Este equipo vai a constituir a Comisión Territorial, que estará composta por representantes de cada parroquia, con coñecemento do mesma, para que lle explique ben aos redactores as necesidades da parroquia e o documento que se confeccione sexa completo.

Teñen que poñerse en contacto os colectivos coa finalidade de elixir un representante e un suplente, que coñezan ben a parroquia e teñan mobilidade e dispoñibilidade. Unha vez que o teñan poden comunicalo ao Concello.

O representante da AA.VV., Carlos Covelo, sinala que dada a extensión da parroquia o idoneo sería que se nomeara un representante de cada barrio, e logo que se reuniran co representante na Comisión para transmitir ideas e crear unidade de criterio, á hora de expoñelos na Comisión Territorial.

Remata a Presidencia que teñen que propoñer ao titular/es e suplente/es e poñelo en coñecemento do Concello.-

5.- MODIFICACIÓN DO “REGULAMENTO DOS CONSELLOS MUNICIPAIS TERRITORIAIS, CONSELLOS MUNICIPAIS PARROQUIAIS.-

A Presidencia pon de manifesto ao Consello Parroquial que se está procedendo polo grupo de goberno municipal a unha proposta de modificación do Regulamento dos Consellos Parroquiais, que se repartirá a todas as parroquias e aos demais grupos políticos, xa que hai parroquiais que aumentaron nos seus colectivos veciñais e outras por exemplo que o Consello sabe que algúns colectivos non participan nel, e a eses habería que dalos de baixa e nomear a outros no seu lugar.

A Presidenta manifesta que se lle vai a enviar a proposta que redactou o goberno municipal e que logo de catro anos de andadura hai que facer cambios para mellorar o seu funcionamento, a ese borrador pódense aportar cuestións tanto polos grupos políticos coma polos Consellos Parroquiais e remata sinalando que xa se fixo moito, pasamos de non ter nada, a que este goberno municipal puxera en marcha os Consellos Parroquiais.



6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O representante da AA.VV., Carlos Covelo, pregunta como está o tema do abastecemento de auga á antiga escola de Cedeira que se está a arranxar, respostándolle a Presidencia que xa está solucionado e que se vai a solicitar unha villa á Comunidade de Augas.

Segue preguntando o membro do Consello, Carlos Covelo, dí que é unha pena que se perda a subvención que teñen da Deputación Provincial, aínda que sexa pequena. Precisaban facturas das obras, para poder xustificar. Respóstalle a Presidencia que non sabe se iso poderá facerse, de tódolos xeitos, consultarano co Interventor do Concello.

Continúa preguntando o representante da AA. VV., Carlos Covelo, polo saneamento de Fortóns, Formiga e Canabal. En Rande como está o tema do colector subida ao Colexio Vigo por onde a casa de Ponce de León, respostándolle a Presidencia que se está facendo, indicando Covelo Solla, que esa obra como moitas outras, foi demandada no seu día pola Asociacións de Veciños, e o tempo lle da a razón, xa que defendían algo que era necesario, indicándolle a Presidencia que era unha obra demandada fai moi tempo, pero a realidade é que se está a facer agora polo goberno municipal.

Remata o representante da AA.VV indicando que como pasa en tódolos Consellos trae unha serie de cuestións para tratar, pero non da tempo, por iso pasarase unha relación para ter unha reunión co Sr. Alcalde e concelleiros delegados que correspondan, para tratar estes temas importantes para a parroquia.

O representante do Grupo Municipal do B.N.G., manifesta que aprobose nun pleno Moción do grupo municipal de A.E.R. sobre a seguridade viaria no entorno da Estación, respostándolle a Presidencia que existe un proxecto no Concello por importe de 137.000 euros aproximadamente cree recordar, pero estase a esperar á rotonda de Mercadona, e se teñan as autorizacións pertinentes de Fomento.

O representante da AA.VV., Carlos Covelo, pregunta polos semáforos de Rande e A Portela.

O representante do grupo municipal do B.N.G., González Campo, pregunta polo proxecto das aceras da estrada do Aeroporto, respostándolle a Presidencia que o proxecto publicouse para sacar a concurso, que van a empezar pola zona de San Esteban, como continuidade e polo tema das expropiacións e construción de muros quedará para un vindeiro orzamento.

O representante do Grupo Municipal do B.N.G., continúa indicando con relación a este tema, dicindo que existe un colectivo traballando pola mellora da seguridade viaria nesta zona, e pregunta que apoio se lle está a dar dende o Concello a esta Asociación, sinalando a Presidencia que conta co apoio do PP, e que cando se fixo a convocatoria da concentración no Concello, se lle facilitaron todos os medios por parte



CONCELLO DE REDONDEIRA

do Concello ademáis de ser publicitado nos medios de comunicación e no Facebook oficial do Concello.

Noutro orde de cousas o concelleiro González Campo, pregunta se no Concello teñen constancia dalgunha queixa do catering de comedor que ten contratado a Xunta no CEIP de Cedeira, sobre a calidade do servizo, que ao parecer non é boa e que non cumpre expectativas, respostándolle a concelleira que separa ela, no Concello non hai ningunha queixa ao respecto.

E non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vinteunha horas e vintecinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que exténdese a presente acta, da que, de todo no que nela se contén, como Secretario do Consello, DOU FE.-

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

CARMEN AMOEDO DASILVA

JUAN MANUEL GARCIA RODRIGUEZ